

ACTA NÚM. 19 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2018.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son **as 16:35 horas** do día **20 de decembro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Dona Noa María Morales Sánchez.
Don Rafael Peña Vidal (se incorpora punto 4).

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona M^a José Castro Carballal
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Don Juan Ramón González Carnero, **interventor do Concello**.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela**.

ORDE DO DÍA:

- 1- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 15 de novembro de 2018, núm 17 e á sesión ordinaria do día 15 de novembro de 2018, núm 18.**
- 2- Toma de posesión do cargo de concelleiro de don Antón Barba Pereira (PSdG-PSOE).**
- 3- Aprobación definitiva do Estudo de detalle das parcelas ER-1, ER-2, ER-3, ER-4, ER-5, ER-6, ER-7 E ER-8 do SUNP-14. Tras Paxonal.**
- 4- Aprobación definitiva do Estudo de detalle do ámbito 02 do ARI de Vite. Avenida de Castelao e rúa de Alexandre Bóveda.**
- 5- Aprobación definitiva do Estudo de detalle do ámbito 04 do ARI de Vite. Avenidas de García Lorca e Castelao e rúa de Celso Emilio Ferreiro.**
- 6- Aprobación definitiva do Estudo de detalle do ámbito 05 do ARI de Vite. Rúas de Blanco Amor e de Otero Pedraio.**
- 7- Elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial da Modificación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.**
- 8- Proposta sobre determinación da cantidade global adicada á produtividade no exercicio 2018.**
- 9.- Proposición do grupo municipal do BNG, para ampliar as prazas para persoas con discapacidade nos centros públicos, de data 10 de decembro, numero de rexistro 283.**
- 10.- Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, referida a ampliación da rede de saneamento municipal en Coto Dos Olmos (Bando), de data 11 de decembro, numero de rexistro 287.**
- 11.- Proposición do grupo municipal Popular, sobre a garantía do principio da competencia da contratación pública no concello de Santiago, de data 11 de decembro, numero de rexistro 292.**
- 12.- Escrito da incorporación D. Pedro Rey Sanchiz, como concelleiro do grupo Popular, a órganos municipais.**
- 13.- Dar conta da Execución Orzamentaria primeiro trimestre exercicio 2018.**
- 14.- Dar conta da Execución Orzamentaria tercer trimestre exercicio 2018.**
- 15.- Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 22 de outubro e o 22 de novembro de 2018, números 7285 ao 8256.

Así mesmo dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Nº 82, da sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2018.

Nº 83, da sesión extraordinaria-urxente de data 29 de outubro de 2018.

Nº 84, da sesión extraordinaria-urxente de data 31 de outubro de 2018.

Nº 85, da sesión ordinaria de data 02 de novembro de 2018.

Nº 86, da sesión ordinaria de data 09 de novembro de 2018.

Nº 87, da sesión ordinaria de data 16 de novembro de 2018.

Nº 88, da sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2018.

16.- Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 10 de decembro de 2018, núm. 282.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de decembro de 2018, núm. 284.

Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 11 de decembro de 2018, núm. 288.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 293

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 54682

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 54685

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 03 de decembro de 2018, núm. 280.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de decembro de 2018, núm. 286.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de decembro de 2018, núm. 294.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 54686.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 12 de decembro de 2018, núm. 295.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 12 de decembro de 2018, núm. 296.

17.- Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 03 de decembro de 2018, número 279, presentada polo grupo municipal do BNG, para dotar servizos básicos municipais a nova urbanización de Santa Marta.

Rexistro de entrada do día 05 de decembro de 2018, número 281, presentada polo grupo municipal COMPOSTELA ABERTA, en apoio ao conflito dos traballadores e traballadoras dos puntos de atención continuada (PAC).

Rexistro de entrada do día 10 de decembro de 2018, número 285, presentada polo grupo municipal BNG, para a elaboración dun mapa de coidados.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2018, número 289, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, en relación co financiamento das entidades locais.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2018, número 290, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, relativo as actuacións na rúa Batalla de Clavijo e anexas do fondo Europeo de desenvolvemento rexional.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2018, número 291, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, relativo situación do ámbito Casas do Rego-Carme de Abaixo.

Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2018, número 297, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a redacción dun plan de actuación para a mellora de accesibilidade, servizos e calidade ambiental nos barrios de Guadalupe, Vite e Romaño.

Antes de entrar a tratar os puntos da orde do día, procédese a gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

INTERVENCIONS

GERARDO GARCÍA FREIJEIRO, en representación do colectivo PACS EN PÉ DE GUERRA, en relación coa moción de Compostela Aberta en apoio ao conflito dos traballadores e traballadoras dos Puntos de Atención Continuada (PAC).

MARÍA XUNQUEIRA MOUZO BERMUDEZ, en representación da ANPA do Colexio de Educación Especial da Barcia, en relación coa moción do BNG para ampliar as prazas para persoas con discapacidade nos centros públicos

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2018, NÚM 17 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2018, NÚM 18.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, aproba as actas correspondentes á sesión extraordinaria número 17 e á sesión ordinaria número 18 do día 15 de novembro de 2018.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDG-PSOE).

Non comparece Don Antón Barba Pereira

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS ER-1, ER-2, ER-3, ER-4, ER-5, ER-6, ER-7 E ER-8 DO SUNP-14. TRAS PAXONAL.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística Dona Pilar Rubín Paz con fecha 20 de novembro de 2018, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, propoñéndose adoptar o acordo nos termos informados, onde di:

“O proxecto fórmase por iniciativa particular de CONSTRUCCIONES RUAFER S.A. co obxecto de reordenar o volume edificable permitido polo vixente Plan de sectorización do SUNP-14 (Tras Paxonal) no ámbito dos bloques de edificación lineal ER-1-2-3-4-5-6-7-8.

O plan vixente no ámbito do SUNP-14 -aprobado definitivamente o 30.03.2006 e modificado puntualmente o 30.07.2009- define para estas parcelas bloques de 20 metros de fondo en dobre cruxía de 10 metros, con alturas de B+2 e B+3, ás que se engade unha planta ático circular, rectangular ou cadrada, tamén definida no plan.

O Estudo de detalle presentado, sen alterar a parcelación definida no plan, varía a distribución do volume edificable sobre rasante, sen exceder a altura máxima (B+3+ático) e sen incrementar a superficie edificable permitida en cada unha das parcelas.

No informe emitido pola arquitecta municipal analízanse polo miúdo os obxectivos e contidos do Estudo de detalle, concluíndose que respecta os límites e requisitos que para esta figura de planeamento se definen pola normativa urbanística aplicable (artigos 79 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 192 do seu Regulamento)

O Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 18 de maio de 2018, condicionándose a apertura do trámite de información pública á emenda de varias deficiencias.

Con data 17 de xullo de 2018 presentouse o correspondente documento reformado de cumprimentación do acordo de aprobación inicial.

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 27 de setembro 2018. Simultaneamente, practicouse citación persoal aos titulares catastrais dos terreos afectados.

Non consta a formulación de alegacións durante o trámite de participación pública.

A directora xeral do Patrimonio Cultural, mediante resolución de data 2 de novembro de 2018, emitiu informe favorable ao Estudo de detalle.

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o *Estudo de detalle para a reordenación de volumes nos bloques ER-1-2-3-4-5-6-7-8 do SUNP-14 (Tras Paxonal)*, segundo o documento refundido presentado por CONSTRUCCIONES RUAFER S.A. con data 17 de xullo de 2018, formulado polo arquitecto don Javier Amenedo.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei”.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable, na comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 13 de decembro do 2018 obtense o seguinte resultado:

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 20: grupo C.A (9 votos), grupo popular (9 votos), e BNG (2 votos) e coa abstención do PSOE (3 votos), adoptouse o seguinte acordo:

Aprobar definitivamente o *Estudo de detalle para a reordenación de volumes nos bloques ER-1-2-3-4-5-6-7-8 do SUNP-14 (Tras Paxonal)*, segundo o documento refundido presentado por CONSTRUCCIONES RUAFER S.A. con data 17 de xullo de 2018, formulado polo arquitecto don Javier Amenedo.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO ÁMBITO 02 DO ARI DE VITE. AVENIDA DE CASTELAO E RÚA DE ALEXANDRE BÓVEDA.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística Dona Pilar Rubín Paz, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, propoñéndose adoptar o acordo nos termos informados, onde di:

O Estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dun equipo técnico contratado para o efecto –TERÁN Y BLANCO TALLER DE ARQUITECTURA SLP-, co obxecto principal de definir as intervencións a realizar no ámbito 02 da *Área de rehabilitación integral* (ARI) de Vite, declarada como tal por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e do Solo de data 15 de febreiro de 2016.

1. Obxecto de Estudo de detalle

O ámbito da intervención (02) abrangue 17 bloques de vivendas, emprazados nas seguintes vías:

- Avenida de Castelao, números 1, 3, 5, 7, 9, 11 e 13.
- Rúa Alexandre Bóveda, números 1 a 19.

Segundo consta na memoria do Estudo de detalle, preténdese a consecución de varios obxectivos:

Pautas comúns para a instalación de ascensores:

- *Instalación de ascensores no actual núcleo de comunicacións vertical dos bloques previa supresión dun dos tramos de escaleiras existentes e adaptación do outro.*
- *Execución dun novo núcleo de escaleiras continuo na zona de acceso exterior do edificio así como a resolución dun novo acceso aos edificios neste ámbito.*

Pautas comúns para o tratamento de fachadas:

- *Establecer unha serie de criterios de actuación compositivos, formais e estéticos na envoltura dos bloques que garanta a lectura unitaria do ámbito.*

Pautas comúns de reurbanización dos espazos entre bloques:

- *Tratamento dos espazos intersticiais entre os bloques de edificios, cuxa configuración actual responde á proposta orixinal de conexión das sucesivas plantas baixas abertas pero que unha vez cerradas as plantas baixas perde a súa lóxica inicial. Este traballo incorpora unha primeira aproximación ao tratamento destes espazos, que deberá resolverse no correspondente proxecto de urbanización.*

2. Normativa aplicable para a implantación de ascensores

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

O RD lexislativo 7/2015 – polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Esta ocupación esixe a **delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha *cesión de uso do voo* polo tempo en que se mantéña a edificación, ben a recualificación e desafectación do dominio público, a fin de acordar o seu alleamento á correspondente comunidade de propietarios.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, neste caso óptase por manter o dominio público dos terreos necesarios para a instalación dos ascensores, isto é, sen recualificar ou desafectar o solo, de maneira que a aprobación definitiva do Estudo de detalle –no que se contén a delimitación do ámbito da actuación- habilita ao órgano municipal competente para acordar a **cesión de uso do voo** á respectiva comunidade de propietarios.

3. Reurbanización dos espazos públicos

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, *“estúdanse tamén nos documentos as actuacións de reurbanización necesarias para garantir a mellora da accesibilidade nos espazos públicos, e tamén para que as implantacións dos ascensores non supoñan unha perda de calidade dos espazos públicos existentes.*

Este tema abórdase tendo en conta as particulares condicións das actuacións, cunha marcada compoñente de actuación pública. Así, se parte da idea xeral de que as actuacións xerais de reurbanización deberán ser acometidas polo Concello, a través dos correspondentes proxectos de obras de urbanización, polo que os Estudos de detalle definen os criterios xerais de actuación para a mellora do espazo público, e nalgúns casos se establecen áreas específicas de prioridade de actuación, que poden ser acometidas por fases, pero que deberán ser definidas tecnicamente nos correspondentes proxectos.

Tamén se establecen -cando se estima necesario- aqueles ámbitos de influencia das actuacións privadas que poden requirir algunha lixeira intervención no espazo público para garantir que a implantación do ascensor non dificulte ou empeore a funcionalidade do espazo público existente, para o caso que a implantación do ascensor se leve a cabo antes que as actuacións públicas de reurbanización xeral do ámbito.”

4. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), o Estudo de detalle, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o día 22.12.2017, someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *La Voz de Galicia* o día 2.05.2018. Simultaneamente practicouse citación persoal aos

propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, publicándose edicto no taboleiro municipal e no Boletín Oficial do Estado do día 22.05.2018.

O proxecto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Asesora Municipal do Patrimonio Histórico na súa sesión do 19.12.2017, coa seguinte condición:

Nos Proxectos de urbanización dos espazos públicos dentro de cada ámbito establecerase como condición que non se reduza a superficie axardinada do entorno dos edificios, co obxecto de conservar a imaxe urbana do barrio, caracterizada polo predominio das zonas verdes

No expediente consta informe favorable da Directora Xeral do Patrimonio Cultural, segundo resolución asinada o 25 de abril de 2018.

Así mesmo, consta informe asinado o 23.11.2018 pola directora de Augas de Galicia, no que se conclúe que “*non procede a emisión de observacións por parte de Augas de Galicia, posto que non afecta ás competencias deste organismo de conca*”

5. Exame das alegacións presentadas

Durante o trámite de información pública formulouse un escrito de alegacións, que é obxecto de análise nun informe asinado pola arquitecta municipal o día 5 de decembro de 2018, como deseguido se transcribe:

- *ALEGACIÓN de D. Alfredo Santomil García, como presidente da Asociación Veciñal Polígono de Vite, con data 04-06-2018 e nº de rexistro 23.942.*

RESUMO

A alegación presentada pola Asociación Veciñal é unha alegación común para os distintos ámbitos en estudo do ARI de Vite, e non contempla ningunha alegación específica para o ámbito 02, agás o indicado de xeito común para todos os ámbitos, é dicir, a necesidade de concretar e definir as actuacións de accesibilidade que se van levar a cabo no espazo público e de aclarar como se van atender os cambios que xurdan no espazo público pola realización das obras mentres non haxa unha actuación definitiva, e se vai haber proxectos previos ou non.

CONTESTACIÓN

As obras no espazo público deberán ser concretadas no correspondente proxecto de obras de urbanización que haberá que redactar con posterioridade á aprobación do Estudo de detalle, non apreciándose neste ámbito dificultades para compatibilizar as actuacións privadas en cada bloque coas actuacións que cómpre levar a cabo no espazo público do conxunto do ámbito.

En conclusión, propónse a aprobación definitiva do Estudo de detalle que foi exposto ao público.

6. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do ámbito 02 do ARI de Vite (avenida de Castelao e rúa de Alexandre Bóveda), redactado por TERÁN Y BLANCO TALLER DE ARQUITECTURA SLP, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado, e coa condición sinalada no ditame da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Incorpórase o salón de sesións o concelleiro Don Rafael Peña Vidal.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito aí como o ditame favorable, na comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 13 de decembro do 2018 obtense o seguinte resultado:

O Pleno da Corporación, cos votos a favor 13: grupo C.A (10 votos) e PSOE (3 votos) e coas abstencións do grupo popular (9 votos), e BNG (2 votos) adoptouse o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do ámbito 02 do ARI de Vite (avenida de Castelao e rúa de Alexandre Bóveda), redactado por TERÁN Y BLANCO TALLER DE ARQUITECTURA SLP, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado, e coa condición sinalada no ditame da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO ÁMBITO 04 DO ARI DE VITE. AVENIDAS DE GARCÍA LORCA E CASTELAO E RÚA DE CELSO EMILIO FERREIRO.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística Dona Pilar Rubín Paz con fecha 20 de novembro de 2018, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, propoñéndose adoptar o acordo nos termos informados, onde di:

O Estudo de detalle formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través da arquitecta Cristina Ansedo Viz –contratada para tal fin-, co obxecto principal de definir as intervencións a realizar no ámbito 04 da *Area de rehabilitación integral* (ARI) de Vite, declarada como tal por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e do Solo de data 15 de febreiro de 2016.

1. Obxecto do Estudo de detalle

O ámbito da intervención (04) abrangue 19 bloques de vivendas, emprazados nas seguintes vías:

- Avenida de Castelao, números 2, 4, 6 e 8.
- Rúa de García Lorca, números 2, 4, 6, 8, 10, 12, 14, 16, 18 e 20.
- Rúa de Celso Emilio Ferreiro, números 1 a 5.

Segundo consta na memoria do Estudo de detalle (apartado 2), a súa finalidade principal é *“definir as condicións urbanísticas nas que se van producir as futuras intervencións (...) tanto no que se refire ás edificacións privadas como aos espazos públicos urbanizados”*

A tal fin definirá:

- A delimitación do ámbito de actuación tal e como recolle o artigo 24 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- As aliñacións das edificacións e as rasantes do espazo público. Con carácter xeral consérvanse as aliñacións existentes, entendendo por tales as correspondentes ás liñas de edificación existente e consolidada.
- Áreas do espazo público que é necesario ocupar para mellorar as condicións de accesibilidade. Neste caso concreto, e debido ás varianzas na rasante de implantación entre os distintos bloques establécese como un área de movemento dentro da cal poderá estudarse a implantación da solución máis axeitada a cada caso.

- As condicións compositivas e estéticas que haberán de cumprir as actuacións en fachadas e elementos comúns das edificacións, para garantir a harmonía e mantemento do carácter unitario do conxunto.
- As condicións mínimas para a resolución compositiva das plantas baixas non previstas nos proxectos orixinais.
- Os subámbitos ou diferentes áreas de actuación, distinguindo os ámbitos de actuación privada das zonas de actuación pública.
- As condicións e criterios xerais para a mellora e reurbanizacións dos espazos públicos.

2. Normativa aplicable para a implantación de ascensores

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

O RD lexislativo 7/2015 –polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Esta ocupación **esixe a delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha **cesión de uso do voo** polo tempo en que se manteña a edificación, ben a recualificación e desafectación do dominio público, a fin de acordar o seu **alleamento** á correspondente comunidade de propietarios.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, neste caso propónse manter o dominio público dos terreos necesarios para a instalación dos ascensores, sen recualificar ou desafectar o solo, de maneira que a aprobación definitiva do Estudo de detalle –no que se contén a delimitación do ámbito da actuación- habilita ao órgano municipal competente para acordar a cesión de uso do voo á respectiva comunidade de propietarios.

3. Reurbanización dos espazos públicos

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, *“estúdanse tamén nos documentos as actuacións de reurbanización necesarias para garantir a mellora da accesibilidade nos espazos públicos, e tamén para que as implantacións dos ascensores non supoñan unha perda de calidade dos espazos públicos existentes.*

Este tema abórdase tendo en conta as particulares condicións das actuacións, cunha marcada compoñente de actuación pública. Así, se parte da idea xeral de que as actuacións xerais de reurbanización deberán ser acometidas polo Concello, a través dos correspondentes proxectos de obras de urbanización, polo que os Estudos de detalle definen os criterios xerais de actuación para a mellora do espazo público, e

nalgúns casos se establecen áreas específicas de prioridade de actuación, que poden ser acometidas por fases, pero que deberán ser definidas tecnicamente nos correspondentes proxectos.

Tamén se establecen -cando se estima necesario- aqueles ámbitos de influencia das actuacións privadas que poden requirir algunha lixeira intervención no espazo público para garantir que a implantación do ascensor non dificulte ou empeore a funcionalidade do espazo público existente, para o caso que a implantación do ascensor se leve a cabo antes que as actuacións públicas de reurbanización xeral do ámbito.”

4. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), o Estudo de detalle, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o día 22.12.2017, someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 5.04.2018. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, publicándose edicto no taboleiro municipal e no Boletín Oficial do Estado do día 26.04.2018.

O proxecto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Asesora Municipal do Patrimonio histórico na súa sesión do 19.12.2017, coa seguinte condición:

Nos Proxectos de urbanización dos espazos públicos dentro de cada ámbito establecerase como condición que non se reduza a superficie axardinada do entorno dos edificios, co obxecto de conservar a imaxe urbana do barrio, caracterizada polo predominio das zonas verdes.

No expediente consta a resolución da directora xeral do Patrimonio Cultural do 25 de abril de 2018 (expediente 2018/1186), que emite informe favorable coa seguinte condición:

Coa nova urbanización do espazo público AP1, lindeiro coa Capela de Guadalupe, deberá garantirse o mantemento do carácter peonil da zona, e que efectivamente o tránsito de vehículos na plataforma sexa esporádico, así como evitar estacionamento de vehículos dos veciños nas zonas pavimentadas.

Con data 26.11.2018 recibíuse a resolución da directora de Augas de Galicia, indicando que “*non procede a emisión de observacións por parte de Augas de Galicia, posto que non afecta ás competencias deste organismo de conca*”

5. Exame das alegacións presentadas

Durante o trámite de información pública formuláronse dous escritos de alegacións, que son obxecto de análise nun informe asinado pola arquitecta municipal o día 5 de decembro de 2018, como deseguido se transcribe.

- *ALEGACIÓN de D. Manuel Barreiro Ceruelo, con data 23-03-2018 e nº de rexistro 12.609.*

RESUMO

O alegante é propietario dun baixo no nº 10 da avenida de García Lorca, e considera que a ocupación de terreo para dar acceso ao novo ascensor vai restar intimidade e causar molestias aos baixos, que xa teñen de por si este problema que coa solución proposta se vai incrementar, engadindo ademais que vai ter que custear parte desta actuación, que non lle vai reportar ningún beneficio aos baixos, e si as molestias mencionadas.

Indica tamén que a ocupación do espazo público solo pode facerse cando resulte necesario e imprescindible (artigo 24.4. do RD lexislativo 7/2015) e considera que o Estudo de detalle non xustifica este aspecto, xa que entende que existe espazo suficiente na zona das escaleiras para acometer a entrada nese espazo.

Fóra de prazo presentouse a seguinte alegación:

- *ALEGACIÓN do presidente da Asociación Veciñal Polígono de Vite*

RESUMO

A alegación presentada pola Asociación Veciñal é unha alegación común para os distintos ámbitos do ARI de Vite en estudo, e non contempla ningunha alegación específica para o ámbito 04 e refírese unicamente ao indicado de xeito común para todos os ámbitos, é dicir, á necesidade de concretar e definir as actuacións de accesibilidade que se van levar a cabo no espazo público e de aclarar como se van atender os cambios que xurdan no espazo público pola realización das obras mentres non haxa unha actuación definitiva, e se vai haber proxectos previos ou non.

CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIÓNS

Neste ámbito os ascensores están previstos no interior das edificacións, polo que as únicas actuacións previstas no espazo público son as de adecuación de rasantes no espazo público exterior para garantir a plena accesibilidade aos espazos comúns.

As ditas actuacións non van supoñer unha modificación substancial das condicións de intimidade das vivendas respecto da situación de partida. Por outra banda, os espazos de ocupación sinalados nos planos son áreas de movemento máximas para reelaborar as rasantes, pero que se concretaran nos espazos de paso mínimos necesarios para garantir a accesibilidade. De feito, considérase que a solución proposta no Estudo de detalle supón menor afección ao espazo público que a suxerida polo alegante, que implicaría dispoñer ramplas de maior lonxitude, e polo tanto maior afección ao espazo.

Respecto da cuestión xenérica proposta pola Asociación de Veciños, indícase que o Estudo de detalle dá os criterios xenéricos para as actuacións a realizar no espazo público, sinalando as que son prioritarias. A concreción destas obras deberá ser obxecto, lóxicamente dun proxecto de urbanización do espazo público, a redactar unha vez se aprobe o Estudo de detalle, non sendo obxecto deste a programación destas obras.

En calquera caso, o Estudo de detalle delimita os ámbitos, vinculados a cada bloque, nos que é preciso actuar sobre o espazo público para poder garantir a

accesibilidade, de tal xeito que pode actuarse de xeito independente en cada edificación, asumindo cada comunidade o custe destas actuacións.

En conclusión, e polos razoamentos expostos, considérase que non procede estimar a alegación presentada por D. Manuel Barreiro Ceruelo polo que se propón a aprobación definitiva do documento que foi exposto ao público.

6. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do ámbito 04 do ARI de Vite (avenidas de García Lorca e Castela e rúa Celso Emilio Ferreiro), redactado pola arquitecta Cristina Ansedo Viz, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado, e cos condicionantes que se derivan dos informes emitidos pola Comisión Asesora do Casco Histórico e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificárase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable, na comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 13 de decembro do 2018 obtense o seguinte resultado:

O pleno da Corporación, cos votos a favor 13: grupo C.A (10 votos) e PSOE (3 votos) e coas abstencións do grupo popular (9 votos), e BNG (2 votos) adoptouse o seguinte acordo:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do ámbito 04 do ARI de Vite (avenidas de García Lorca e Castela e rúa Celso Emilio Ferreiro), redactado pola arquitecta Cristina Ansedo Viz, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado, e cos condicionantes que se derivan dos informes emitidos pola

Comisión Asesora do Casco Histórico e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitírase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificárase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO ÁMBITO 05 DO ARI DE VITE. RÚAS DE BLANCO AMOR E DE OTERO PEDRAIO.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística Dona Pilar Rubín Paz con fecha 05 de decembro, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, propoñéndose adoptar o acordo nos termos informados, onde di:

O Estudo de detalle fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través do arquitecto Eduardo Cruz Aguiar –contratado para tal fin–, co obxecto principal de definir as intervencións a realizar no ámbito 05 da *Area de rehabilitación integral* (ARI) de Vite, declarada como tal por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e do Solo de data 15 de febreiro de 2016.

1. Obxecto do Estudo de detalle

O ámbito da intervención (05) abrangue 28 bloques de vivendas, emprazados nas seguintes vías:

- Rúa de Blanco Amor, números 1 a 12, 13, 15, 17, 19 e 21.
- Rúa de Outeiro Pedraio, números 1 a 11.

O obxecto principal do Estudo de detalle é establecer os criterios de intervención para a introdución de ascensores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, así como estudar as actuacións de reurbanización do espazo público.

2. Normativa aplicable para a implantación de ascensores

Os inmobles afectados inclúense no ámbito de aplicación da ordenanza 9 A do Plan xeral vixente (artigo 146), correspondente a *actuacións unitarias consolidadas* de vivenda colectiva. A citada ordenanza esixe o mantemento do carácter unitario do conxunto, se ben permite que, mediante a aprobación dun Estudo de detalle e a través dun proxecto unitario, se introduzan elevadores e outros elementos co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das vivendas, mesmo mediante *desafectación* do dominio público dos terreos afectados.

O RD lexislativo 7/2015 – polo que se aproba o vixente Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana-, no seu artigo 24.4, habilita a ocupación *de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de ascensores ou outros elementos que garantan a accesibilidade universal, así como as superficies comúns de uso privativo (...), cando non resulte viable, técnica ou economicamente, ningunha outra solución e sempre que quede asegurada a funcionalidade dos espazos públicos afectados.*

Esta ocupación **esixe a delimitación espacial do correspondente ámbito de actuación** (conxunta ou illada), cuxa aprobación definitiva é causa suficiente para que se estableza, ben unha **cesión de uso do voo** polo tempo en que se manteña a edificación, ben a recualificación e desafectación do dominio público, a fin de acordar o seu **alleamento** á correspondente comunidade de propietarios.

Considerando a dobre alternativa que prevé o citado precepto, neste caso óptase por manter o dominio público dos terreos necesarios para a instalación dos ascensores, sen recualificar ou desafectar o solo, de maneira que a aprobación definitiva do Estudo de detalle –no que se contén a delimitación do ámbito da actuación- habilita ao órgano municipal competente para acordar a cesión de uso do voo á respectiva comunidade de propietarios.

No Estudo de detalle propóñense distintas solucións en canto á implantación de ascensores:

- Nos bloques tipo A –torretas- a instalación do ascensor resólvese dentro da parcela catastral privada, sen afección a espazos de dominio público.
- Nos bloques tipo B –lineais-, dispónse o ascensor adosado á fachada posterior, con ocupación de espazo público.
- Para os edificios da rúa de Blanco Amor números 13 e 17 arbítrase unha solución específica, dada a súa proximidade á Ponte Mantible ou a especial disposición da fachada.

3. Reurbanización dos espazos públicos

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, *“estúdanse tamén nos documentos as actuacións de reurbanización necesarias para garantir a mellora da accesibilidade nos espazos públicos, e tamén para que as implantacións dos ascensores non supoñan unha perda de calidade dos espazos públicos existentes.*

Este tema abórdase tendo en conta as particulares condicións das actuacións, cunha marcada compoñente de actuación pública. Así, se parte da idea xeral de que as actuacións xerais de reurbanización deberán ser acometidas polo Concello, a través dos correspondentes proxectos de obras de urbanización, polo que os Estudos de detalle definen os criterios xerais de actuación para a mellora do espazo público, e

nalgúns casos se establecen áreas específicas de prioridade de actuación, que poden ser acometidas por fases, pero que deberán ser definidas tecnicamente nos correspondentes proxectos.

Tamén se establecen -cando se estima necesario- aqueles ámbitos de influencia das actuacións privadas que poden requirir algunha lixeira intervención no espazo público para garantir que a implantación do ascensor non dificulte ou empeore a funcionalidade do espazo público existente, para o caso que a implantación do ascensor se leve a cabo antes que as actuacións públicas de reurbanización xeral do ámbito.”

4. Tramitación

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), o Estudo de detalle, aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno o día 9.02.2018, someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *La Voz de Galicia* o día 3.05.2018. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, publicándose edicto no taboleiro municipal e no Boletín Oficial do Estado do día 23.05.2018.

O proxecto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Asesora municipal do Patrimonio histórico na súa sesión do 7.02.2018.

No expediente consta informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, segundo resolución asinada o 7 de maio de 2018.

Con data 26.11.2018 recibíuse a resolución da directora de Augas de Galicia, indicando que *“non procede a emisión de observacións por parte de Augas de Galicia, posto que non afecta ás competencias deste organismo de conca”*

5. Exame das alegacións presentadas

Durante o trámite de información pública formuláronse dous escritos de alegacións, que son obxecto de análise nun informe asinado pola arquitecta municipal o día 5 de decembro de 2018, como deseguido se transcribe

- *ALEGACIÓN de D^a M^a Jesusa Vázquez Rey, con data 16-05-2018 e n^o de rexistro 20.398*

RESUMO

Na alegación maniféstase que a alegante xa non é titular do inmovble afectado.

- *ALEGACIÓN de D. Alfredo Santomil García, como presidente da Asociación Veciñal Polígono de Vite, con data 04-06-2018 e n^o de rexistro 23.942*

RESUMO

Na alegación non se indica ningunha cuestión específica para o ámbito 05, agás a petición común a tódolos ámbitos de que se concreten as actuacións en materia de accesibilidade no espazo público e a forma na que se van levar a cabo as distintas actuacións en tanto non se execute a obra de urbanización definitiva.

CONTESTACIÓN

As obras de accesibilidade específicas a realizar no espazo público deberán concretarse nun proxecto de obras de urbanización que haberá de redactarse con posterioridade a aprobación do Estudo de detalle, que solo establece uns criterios xerais, xa que non é o instrumento axeitado para definir obras de urbanización.

En calquera caso o Estudo de detalle prevé (planos O.01 e O.02) os ámbitos nos que resulta necesario realizar obras complementarias (OC) para garantir a accesibilidade exterior, que nalgún caso afectan a varios bloques, polo que ditas obras deberán realizarse de xeito simultáneo á implantación dos ascensores.

En conclusión, e polos razoamentos expostos, non se atopa impedimento para a aprobación definitiva do Estudo de detalle do ámbito 05.

6. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- APROBAR DEFINITIVAMENTE o Estudo de detalle do ámbito 05 do ARI de Vite (rúas de Blanco Amor e Outeiro Pedraio), redactado polo arquitecto Eduardo Cruz, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable, na comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 13 de decembro do 2018 obtense o seguinte resultado:

O pleno da Corporación, cos votos a favor 13: grupo C.A (10 votos) e PSOE (3 votos) e coas abstencións do grupo popular (9 votos), e BNG (2 votos) adoptouse o seguinte acordo:

- APROBAR DEFINITIVAMENTE o Estudo de detalle do ámbito 05 do ARI de Vite (rúas de Blanco Amor e Outeiro Pedraio), redactado polo arquitecto Eduardo Cruz, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O Estudo de detalle contén a **delimitación espacial do ámbito da actuación**, para os efectos do disposto polo artigo 24 do RD lexislativo 7/2015, que habilita a ocupación do dominio público e das superficies comúns de uso privativo para a instalación de ascensores ou outros elementos que aseguren a accesibilidade universal, así como para a realización de obras ou instalacións que reduzan a demanda enerxética.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Así mesmo, notificarase persoalmente o acordo ás persoas que formularon alegacións.

7.- ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA.

Visto o informe proposta asinado con data 07/12/2018 pola xefa de servizo de licenzas que conta co Vº Bº do Director da Asesoría Xurídica, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, dando conta ao pleno o seguinte:

“O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 19 de xullo de 2018, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8.n) da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, que quedaría redactado do seguinte xeito:

8.n) Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica, nomeadamente, as previstas no artigo 41bis.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.”

II

O expediente estivo exposto ao público durante o prazo de 30 días, contado dende o 14 de agosto de 2018, data na que se publicou o anuncio de información pública da modificación da Ordenanza no B.O.P.de A Coruña, así como no Tabolero de edictos e na páxina web do Concello.

Rematado o prazo de información pública, no Rexistro Xeral do Concello non se presentaron alegacións.

Tampouco constan presentadas alegacións por calquera outro dos medios aceptados en dereito.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 49 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, no suposto de que non se tiveran presentado alegacións durante o período de información pública entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio .

III

Visto o exposto, procede:

DAR CONTA ao Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela da elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial relativo á modificación do artigo 8.n) da da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa publicada no B.O.P. de A Coruña o 16 de xuño de 2015 trala elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial en sesión plenaria de 27 de marzo de 2015.

O artigo modificado queda coa seguinte redacción:

8.n) Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica, nomeadamente, as previstas no artigo 41bis.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.”

O Pleno da Corporación dase por enterado.

8.- PROPOSTA SOBRE DETERMINACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL ADICADA Á PRODUCTIVIDADE NO EXERCICIO 2018

Dase conta da proposta sobre a determinación da cantidade global adicada a produtividade no exercicio 2018 da concelleira delegada de Economía, facenda e Administración, que sinala:

No orzamento municipal correspondente ao exercicio 2018 incluíronse, a nivel de créditos iniciais, varias aplicacións para facer fronte ao aboamento do complemento de produtividade, que no seu conxunto totalizaban o subconcepto de gastos 15000 en 460.022,95 €, co seguinte desglose por aplicacións:

- 030/13200/15000: 3.742,92 €
- 030/92000/15000: 456.280,03 €

- **Total contía global inicialmente fixada polo Pleno para produtividade: 460.022,95 €**

Xunto coas aplicacións adicadas á produtividade, preveuse –no orzamento municipal do exercicio en curso– unha aplicación para cubrir as necesidades do programa de “Acción social” por importe de 450.000,00 € dos que, atendendo á súa execución real ata a data, e á estimación da execución restante de aquí a que remate o ano, se estima que quedarán sen executar 100.000,00 €. Aproveitando esta economía producida na aplicación 030/92000/16204 -Acción social-, e recoñecendo a adicación dos empregados municipais no desenvolvemento das súas tarefas ao longo deste ano, nun escenario de escasez de medios persoais e carga de traballo elevada, propónse desprazar ese crédito sobrante -100.000,00 €- á aplicación orzamentaria adicada á produtividade -030/92000/15000-.

Pola súa banda, o artigo 18.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para este ano 2018, incorpora a opción de adicar –previa negociación- o 0,3 % da masa salarial a unha serie de finalidades entre as que menciona –nun sistema de numerus apertus- aos proxectos de mellora da produtividade. A Mesa de Negociación do Concello de Santiago de Compostela, en sesión do 23 de novembro do 2018, acordou adicar esa marxe orzamentaria -0,3% da masa salarial- ao complemento de produtividade.

Por todo o antedito, a situación final da contía asignada ao complemento de produtividade neste exercicio 2018 é a seguinte:

- Consignación inicial: 460.022,95 €
- Reasignación do excedente da aplicación de acción social: 100.000,00 €
- Aplicación do 0,3 % da masa salarial consonte o artigo 18.Dous da LXOE 2018: 83.007,23 € -importe calculado polo departamento de persoal co gallo da confección do anexo de persoal do orzamento 2019 considerando os datos de masa salarial do 2018.
- **Cantidade global adicada a produtividade no orzamento do exercicio 2018: 643.030,18 €**

O artigo 5.5 do Real decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administracións locais, dispón que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global adicada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) da mesma norma -30 % da masa retributiva global calculada nos termos alí indicados-.

Tocante ao cumprimento do antedito límite porcentual, tendo en conta a base de cálculo detallada pola xefa do departamento de persoal no informe emitido o 31.10.2018 –alusivo ao límite ás gratificacións por servizos extraordinarios pero aplicable tamén as productividades no que a base se refire- a contía global agora proposta respectaría. En definitiva, aplicando a porcentaxe referida -30 % para productividades- á masa salarial detallada naquel informe –que se achega xunto con esta proposta-, a contía total destinada este ano 2018 ao concepto retributivo produtividade estaría dentro daquela marxe.

Polo exposto, en cumprimento do artigo 5.5 do Real decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administracións locais, propóñolle ao **Pleno da Corporación que fixe en 643.030,18 € a cantidade global adicada no orzamento municipal do exercicio 2018 a produtividade.**

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable, na comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, de data 13 de decembro do 2018 obtense o seguinte resultado:
O pleno da Corporación, cos votos a favor 15: grupo C.A (10 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) e coa abstención do grupo popular (9 votos), adoptouse o seguinte acordo:

que se fixe en 643.030,18 € a cantidade global adicada no orzamento municipal do exercicio 2018 a produtividade.

9.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA AMPLIAR AS PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS CENTROS PÚBLICOS, DE DATA 10 DE DECEMBRO, NUMERO DE REXISTRO 283.

CONVERTESE EN MOCIÓN

10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, REFERIDA A AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL EN COTO DOS OLMOS (BANDO), DE DATA 11 DE DECEMBRO, NUMERO DE REXISTRO 287.

O grupo do PSOE, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICION:

PROPOSICIÓN REFERIDA A AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL EN COTO DOS OLMOS (BANDO)

A Rúa do Coto dos Olmos atópase na parroquia de Bando ente o núcleo periurbano de San Marcos ao norte e o núcleo rural de Bando de Abaixo ao sur. O vixente PXOM clasifica a maior parte dos terreos vinculados a dita rúa como solo urbano adscrito a ordenanza reguladora 6A.

Na actualidade, a rúa e os seus ramais secundarios albergan unhas 30 vivendas e un espazo sociocomunitario que inclúe o local social da parroquia de Bando. Ademais, a clasificación do solo do PXOM permite que numerosas parcelas sexan potencialmente edificables.

Con todo, a pesar da súa clasificación como solo urbano e do número de vivendas existentes, a rúa non dispón de rede municipal de saneamento. Esta

situación condiciona e dificulta a vida dos seus residentes e a posibilidade de promover novas vivendas debido aos requisitos que se establecen no artigo 18 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE, consciente de dita situación posta de manifesto en conversas coa veciñanza, realizou en pasadas datas unha visita á zona onde poido comprobarse que a Rúa do Coto dos Olmos atópase na parte alta da bacía do río Aríns que xa dispón dun sistema xeral de saneamento e de depuración vinculado a E.D.A.R. de Aríns. O punto mais preto a rúa da rede de saneamento existente atópase no núcleo de Bando de Abaixo. A topografía da rúa é descendente cara a dito punto o que permite un fácil desenvolvemento para ampliar por gravidade a rede de saneamento municipal e poder mellora o servizo prestado aos cidadáns.

O ramal principal e os ramais secundarios necesarios para a ampliación da rede municipal de saneamento suman unha lonxitude aproximada de 1.355 m. Tendo en conta o carácter rural dos viarios afectados e a correspondente reposición dos seus pavimentos para a instalación da nova rede, estímase que o custo unitario sería duns 130 € (IVE engadido) por metro lineal, resultando unha inversión de 176.150 €.

A vista do sinalado, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Instar ao grupo de goberno a executar as obras necesarias que permitan a ampliación da rede de saneamento municipal na Rúa do Coto dos Olmos e a mellora da calidade de vida dos seus residentes.

Sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros/as presentes:

Instar ao grupo de goberno a executar as obras necesarias que permitan a ampliación da rede de saneamento municipal na Rúa do Coto dos Olmos e a mellora da calidade de vida dos seus residentes.

11.- Proposición do grupo municipal Popular, sobre a garantía do principio da competencia da contratación pública no concello de Santiago, de data 11 de decembro, número de rexistro 292.

O grupo municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para:

PROPOSICIÓN SOBRE A GARANTÍA DO PRINCIPIO DA COMPETENCIA DA CONTRATACIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE SANTIAGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é sabido, os mecanismos da contratación pública no só resultan fundamentais para que a Administración obteña os bens e servizos necesarios para a consecución dos seus fins; tamén é unha actividade que pode redundar na consecución dun crecemento económico eficiente, intelixente, sostible e integrador.

O exercicio da contratación pública debe salvagardar a libre competencia -entendida esta non nun senso descarnado, senón como un marco de igualdade de oportunidades, especialmente para a pequena e media empresa-, xa que, como se ten advertido, “na contratación pública conflúen circunstancias que a converten, inherentemente, nunha área relativamente máis proclive á existencia de prácticas irregulares desde o punto de vista da competencia que prexudica, se non se corrixen, a Administración pública, aos potenciais competidores e, en último termo, aos cidadáns e contribuíntes”. Ás veces, a menor pluralidade de ofertas ten a súa orixe en acordos entre empresas; outras, nas propias decisións das administracións públicas.

Así as cousas, parece desexable que as Administracións Públicas cun gran volume de contratación -como é o caso do Concello de Santiago- comprobén, por unha banda, se existen indicios de prácticas colusorias e, por outra, valore se as distintas fases dos procedementos da contratación pública se están a configurar do xeito máis propicio para favorecer o acceso das pemes ás licitacións públicas. Nasas distintas fases da contratación pública -fase de decisión, de selección do procedemento, de deseño dos pregos, de desenvolvemento do procedemento e de execución do contrato- son moitas as cuestións a ponderar e a revisar para os efectos de garantir o principio de libre competencia. Non obstante, e como primeiro avance da diagnose da política contractual do Concello, cabería ir estudando algunhas delas.

En consonancia co anterior, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de goberno a:

Primeiro.- Elaborar nun prazo de dous meses unha primeira memoria sobre a contratación pública desenvolvida durante este mandato polo Concello e polos seus tres entres instrumentais (Incolsa, Tussa e Auditorio de Galicia), memoria que inclúa:

- a) os procedementos de contratación cun reducido número de licitadores ou, en todo caso, con licitador único;*
- b) a relación de empresas que reiteradamente resultan adxudicatarias de contratos semellantes;*
- c) os contratos prorrogados;*
- d) os contratos vencidos que sigan a ser facturados polas empresas, con indicación de se houbo incremento de prezos tras o vencemento do contrato;*
- e) os desistementos ou adxudicacións deixadas sen efecto;*

f) os contratos de emerxencia;

g) a relación de contratos menores que reflicten a existencia dun servizo permanente no tempo.

Segundo.- Dar conta da memoria no pleno municipal e dar traslado da mesma á correspondente autoridade da Competencia.

O pleno da corporación, cos votos a favor 14: Grupo Popular (9 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) e coa abstención do grupo C.A (10 votos), adoptouse o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de goberno a:

Primeiro.- Elaborar nun prazo de dous meses unha primeira memoria sobre a contratación pública desenvolvida durante este mandato polo Concello e polos seus tres entres instrumentais (Incolsa, Tussa e Auditorio de Galicia), memoria que inclúa:

a) os procedementos de contratación cun reducido número de licitadores ou, en todo caso, con licitador único;

b) a relación de empresas que reiteradamente resultan adxudicatarias de contratos semellantes;

c) os contratos prorrogados;

d) os contratos vencidos que sigan a ser facturados polas empresas, con indicación de se houbo incremento de prezos tras o vencemento do contrato;

e) os desistementos ou adxudicacións deixadas sen efecto;

f) os contratos de emerxencia;

g) a relación de contratos menores que reflicten a existencia dun servizo permanente no tempo.

Segundo.- Dar conta da memoria no pleno municipal e dar traslado da mesma á correspondente autoridade da Competencia.

12.- Escrito da incorporación D. Pedro Rey Sanchiz, como concelleiro do grupo Popular, a órganos municipais.

O pleno da Corporación dase por enterado.

13.- Dar conta da Execución Orzamentaria primeiro trimestre exercicio 2018.

O pleno da Corporación dase por enterado.

14.- Dar conta da Execución Orzamentaria terceiro trimestre exercicio 2018.

O pleno da Corporación dase por enterado.

15.- Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

Dase conta ao Pleno da Corporación das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas comprendidas entre o día 22 de outubro e o 22 de novembro de 2018, números 7285 ao 8256.

Así mesmo dase conta das seguintes actas da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Nº 82, da sesión ordinaria de data 26 de outubro de 2018.

Nº 83, da sesión extraordinaria-urxente de data 29 de outubro de 2018.

Nº 84, da sesión extraordinaria-urxente de data 31 de outubro de 2018.

Nº 85, da sesión ordinaria de data 02 de novembro de 2018.

Nº 86, da sesión ordinaria de data 09 de novembro de 2018.

Nº 87, da sesión ordinaria de data 16 de novembro de 2018.

Nº 88, da sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2018.

16.- Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 10 de decembro de 2018, núm. 282.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de decembro de 2018, núm. 284.

Do grupo municipal do PSdG-PSOE de data 11 de decembro de 2018, núm. 288.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 293

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 54682

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 54685

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG de data 03 de decembro de 2018, núm. 280.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de decembro de 2018, núm. 286.

Do grupo municipal do BNG de data 11 de decembro de 2018, núm. 294.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 11 de decembro de 2018, núm. 54686.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 12 de decembro de 2018, núm. 295.

Do grupo municipal de Partido Popular de data 12 de decembro de 2018, núm. 296

Por la presidencia suspendese o pleno, sendo as 18:27 horas.

Coa asistencia, de todos os concelleiros/as e ausencia do señor interventor, se reanuda o pleno as 18:52.

O pleno pasa a tratar as seguintes declaracións institucionais.

O pleno da corporación, por unanimidade aproba a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA A ADHESIÓN CARTA DE DEREITOS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO

De acordo cos Tratados Internacionais de Dereitos Fundamentais e en liña co Ordenamento Xurídico interno e os valores democráticos que o informan, a Cidade de Santiago de Compostela declara:

Que é unha preocupación constante da Cidade de Santiago de Compostela o respectar e manter os dereitos das persoas que experimentan unha situación de senfogarismo, en particular no que se refire ao seu Dereito Fundamental á vivenda. Mentres se desenvolven as medidas tendentes á garantía de tal dereito, o Concello manifesta a súa total determinación de non contribuír, en modo ningún, a incrementar ou manter as condicións inhumanas que, habitualmente, experimentan as persoas que non teñen un lugar seguro onde vivir.

Do mesmo xeito que outras cidades en Europa, atopámonos ante retos e circunstancias que dificultan poder prover vivendas dabondo e mesmo o número necesario de prazas en refuxios de emerxencia.

Os obstáculos que supoñen a falta de traballo e a precariedade recaen sobre sectores cada vez maiores da nosa poboación e a presión nos recursos e servizos públicos non deixa de se incrementar.

Neste contexto, cremos que é responsabilidade de todo individuo, do tecido empresarial e das organizacións e entidades privadas, así como das Administracións Locais, incluída a nosa, o maximizar a súa contribución e esforzos en proporcionar condicións de vida digna ás persoas que non teñen unha vivenda segura, e a eliminar os efectos negativos do senfogarismo.

Para colaborar neste obxectivo, este Concello cre que é importante reafirmar que cada persoa que experimenta unha situación de senfogarismo ten dereito ao mesmo

tratamento que calquera veciño/a da Cidade. Non debe negarse o estatuto xurídico de ninguén só porque se atope en situación de senfogarismo.

En particular, o Concello de Santiago comprométese a continuar traballando cara á realización efectiva e maximización dos seguintes dereitos:

1.-O dereito máis importante que unha persoa en situación de senfogarismo ten é precisamente o dereito a saír desa situación. Os servizos que colaboren no acceso a unha vivenda segura deben ser accesibles a todas as persoas en senfogarismo. En colaboración coas entidades e Administracións Públicas coas que sexa necesario, este Concello traballará para asegurar un número suficiente de solucións habitacionais.

2.-Cando estas solucións habitacionais non poidan alcanzarse, o acceso a acomodados de emerxencia debe ser garantido para as persoas en senfogarismo. O Concello comprométese a traballar coas Autoridades Públicas competentes para asegurar que existen acomodados dabondo para todos e todas e para que ninguén se vexa obrigado a durmir na rúa só por falta de camas.

3.-As persoas en situación de senfogarismo teñen o mesmo dereito que calquera outra a usar o espazo público, sen restricións que non se apliquen a calquera veciño ou veciña. Isto inclúe o acceso, entre outros espazos, a beirarrúas e calzadas, así como parques, transportes e edificios públicos nos mesmos termos que calquera cidadá/cidadán. As regras haberán de ser tamén uniformes no que respecta ao descanso en espazos públicos, sen restricións adicionais para persoas en situación de senfogarismo.

4.-O Concello comprométese a asegurar que o seu persoal e servizos defenden o dereito a un tratamento igual para todos/as, sen discriminación de aquelas persoas que non teñen unha vivenda.

5.-As persoas en situación de senfogarismo a cotío experimentan exclusións no mercado de traballo, así coma no acceso a servizos públicos pois non poden proporcionar un enderezo postal. O Concello comprométese a dar un enderezo postal efectivo de último recurso ás persoas en situación de senfogarismo que precisen del.

6.-Naqueles casos en que o Concello non poida prover servizos de emerxencia axeitados, comprometémonos a prover o acceso a instalacións sanitarias básicas: auga corrente (fontes para beber), duchas e aseos dabondo para permitir un nivel de hixiene axeitado para manter a dignidade humana.

7.-O dereito a servizo de emerxencia – servizos sociais, prestacións de saúde, seguridade pública e bombeiros – en igualdade de condicións con calquera veciño/a da Cidade, sen discriminación pola súa situación de vivenda ou polo seu aspecto físico.

8.-O dereito ao voto, a ser incluído/a no censo electoral e a ser provido/a dos documentos necesarios para probar a súa identidade no momento das votacións, sen ser discriminado/a pola súa situación habitacional.

9.-O dereito á protección de datos, no entendido que os seus datos só serán compartidos por Servizos Públicos e entidades despois de obter o seu consentimento e só para os propósitos que lles son propios, en atención aos servizos que a persoa teña demandado ou precise. As persoas en situación de senfogarismo teñen o mesmo dereito que calquera outra a controlar a información sobre a súa persoa, especialmente sobre a información de saúde, os seus antecedentes penais de os tiver, o seu historial habitacional e a súa vida privada persoal e familiar.

10.-O dereito á intimidade debe ser respectado e protexido na maior medida posible en todos os tipos de acomodo, incluso nas estruturas habitacionais colectivas e mesmo en acomodados informais nos que vivan persoas en senfogarismo. O Concello comprométese a traballar para asegurar que os refuxios de emerxencia poden garantir este dereito.

11.-O dereito á procura de sustento, dentro da legalidade e con prácticas non denigrantes para a condición humana. O Concello loitará por unha cidade na que estas prácticas non sexan necesarias e atenderá con especial interese aquelas necesidades que eviten situacións como as de pedir esmola ou recorrer a alimentos descartados que atentan contra a saúde e dignidade. Con todo estas prácticas de supervivencia non deberían ser criminalizadas, prohibidas ou confinadas en áreas específicas.

Xa que logo, aprobase por unanimidade dos presentes o seguinte

ACORDO:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA A ADHESIÓN CARTA DE DEREITOS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE SENFOGARISMO

En particular, o Concello de Santiago comprométese a continuar traballando cara á realización efectiva e maximización dos seguintes dereitos:

1.-O dereito máis importante que unha persoa en situación de senfogarismo ten é precisamente o dereito a saír desa situación. Os servizos que colaboren no acceso a unha vivenda segura deben ser accesibles a todas as persoas en senfogarismo. En colaboración coas entidades e Administracións Públicas coas que sexa necesario, este Concello traballará para asegurar un número suficiente de solucións habitacionais.

2.-Cando estas solucións habitacionais non poidan alcanzarse, o acceso a acomodados de emerxencia debe ser garantido para as persoas en senfogarismo. O Concello comprométese a traballar coas Autoridades Públicas competentes para asegurar que existen acomodados dabondo para todos e todas e para que ninguén se vexa obrigado a durmir na rúa só por falta de camas.

3.-As persoas en situación de senfogarismo teñen o mesmo dereito que calquera outra a usar o espazo público, sen restricións que non se apliquen a calquera veciño ou veciña. Isto inclúe o acceso, entre outros espazos, a beirarrúas e calzadas, así como parques, transportes e edificios públicos nos mesmos termos que calquera cidadá/cidadán. As regras haberán de ser tamén uniformes no que respecta ao descanso en espazos públicos, sen restricións adicionais para persoas en situación de senfogarismo.

4.-O Concello comprométese a asegurar que o seu persoal e servizos defenden o dereito a un tratamento igual para todos/as, sen discriminación de aquelas persoas que non teñen unha vivenda.

5.-As persoas en situación de senfogarismo a cotío experimentan exclusións no mercado de traballo, así coma no acceso a servizos públicos pois non poden proporcionar un enderezo postal. O Concello comprométese a dar un enderezo postal efectivo de último recurso ás persoas en situación de senfogarismo que precisen del.

6.-Naqueles casos en que o Concello non poida prover servizos de emerxencia axeitados, comprometémonos a prover o acceso a instalacións sanitarias básicas: auga corrente (fontes para beber), duchas e aseos dabondo para permitir un nivel de hixiene axeitado para manter a dignidade humana.

7.-O dereito a servizo de emerxencia – servizos sociais, prestacións de saúde, seguridade pública e bombeiros – en igualdade de condicións con calquera veciño/a da Cidade, sen discriminación pola súa situación de vivenda ou polo seu aspecto físico.

8.-O dereito ao voto, a ser incluído/a no censo electoral e a ser provido/a dos documentos necesarios para probar a súa identidade no momento das votacións, sen ser discriminado/a pola súa situación habitacional.

9.-O dereito á protección de datos, no entendido que os seus datos só serán compartidos por Servizos Públicos e entidades despois de obter o seu consentimento e só para os propósitos que lles son propios, en atención aos servizos que a persoa teña demandado ou precise. As persoas en situación de senfogarismo teñen o mesmo dereito que calquera outra a controlar a información sobre a súa persoa, especialmente sobre a información de saúde, os seus antecedentes penais de os tiver, o seu historial habitacional e a súa vida privada persoal e familiar.

10.-O dereito á intimidade debe ser respectado e protexido na maior medida posible en todos os tipos de acomodo, incluso nas estruturas habitacionais colectivas e mesmo en acomodados informais nos que vivan persoas en senfogarismo. O Concello comprométese a traballar para asegurar que os refuxios de emerxencia poden garantir este dereito.

11.-O dereito á procura de sustento, dentro da legalidade e con prácticas non denigrantes para a condición humana. O Concello loitará por unha cidade na que estas prácticas non sexan necesarias e atenderá con especial interés aquelas necesidades que eviten situacións como as de pedir esmola ou recorrer a alimentos descartados que atentan contra a saúde e dignidade. Con todo estas prácticas de supervivencia non deberían ser criminalizadas, prohibidas ou confinadas en áreas específicas.

O pleno da corporación, por unanimidade aproba a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 70 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (1948-2018).

O 10 de decembro de 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Un documento histórico e de plena vixencia que proclamou os dereitos inalienables inherentes a todos os seres humanos, sen importar a súa raza, color, relixión, orientación sexual, idioma, opinións políticas ou doutra índole, lugar de nacemento, propiedades, orixe social ou calquera outra condición.

Estes dereitos fundamentais, como son a liberdade, a xustiza, a seguridade, a educación, a vivenda, a asistencia sanitaria, a igualdade ante a lei, entre outros, deben ser protexidos polos Estados, garantes do cumprimento da lei nos seus territorios.

Nestes principios do S.XXI o mundo unha vez máis está a vivir a guerra, a fame, a violencia, a inseguridade,.. e a resposta non pode ser outra que a aplicación universal dos Dereitos Humanos. As actitudes e lexislacións dalgúns Estados están moi lonxe do respecto a estes dereitos fundamentais, por iso é imprescindible seguir a reivindicar a vixencia desta Declaración 70 anos despois da súa aprobación.

Nos últimos anos estamos a ver como se vulneran a cotío os dereitos das persoas, á igualdade, á liberdade, a saír do propio país e poder regresar, á educación, á vivenda, á asistencia sanitaria, á liberdade de pensamento e de conciencia. As imaxes golpean cada día as nosas consciencias dende as praias do Mar Mediterráneo, en Venezuela, Arabia Saudita, Nicaragua ou Irán, pero tamén dende a fronteira de México con Estados Unidos, dende Siria, nos campos de persoas refuxiadas de Grecia, Kenia, Xordania, Pakistán ou Birmania.

As persoas que foxen da fame, da violencia, da opresión política, da tortura, da guerra, non é que busquen un futuro mellor, é que buscan un futuro. E ante esta situación os Estados constrúen muros para non deixalas pasar, e cando conseguen entrar o trato co que se atopan é contrario ao que a Declaración de Dereitos Humanos defende. Atópanse con políticas agresivas, sen permisos de residencia, sen dereito á vivenda, á educación, ao traballo, aos dereitos básicos para que unha persoa poida desenvolver a súa vida con dignidade.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela, comprométese coa vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos neste 70 aniversario da súa promulgación así como a alentar a toda a sociedade a ter presente este documento, probablemente o máis influínte do S.XX, sobre todo á mocidade, para que a fagan súa e esixan ás institucións públicas ao seu cumprimento.

Xa que logo, aprobase por unanimidade dos presentes o seguinte

ACORDO:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 70 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (1948-2018):

O Concello de Santiago de Compostela, comprométese coa vixencia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos neste 70 aniversario da súa promulgación así como a alentar a toda a sociedade a ter presente este documento, probablemente o máis influínte do S.XX, sobre todo á mocidade, para que a fagan súa e esixan ás institucións públicas ao seu cumprimento.

17.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA AMPLIAR AS PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS CENTROS PÚBLICOS, DE DATA 19 DE DECEMBRO, NUMERO DE REXISTRO 300.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para:

AMPLIAR AS PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS CENTROS PÚBLICOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi) remóntase a 2007, cando se conseguiron os terreos e se formalizou a construción dunha parcela de 8.700 m² cun orzamento inicial de 8,7 millóns de euros, aínda que finalmente se investiron 13 millóns de euros. Tratábase dun centro de vangarda, innovador e único no Estado para o tratamento integral da discapacidade, tendo en conta que en Galiza hai 250.000 persoas potenciais usuarias deste espazo.

No proxecto inicial estaban previstos plans de formación para 70 persoas, 60 prazas para habilitación funcional, emocional e psicosocial, 71 prazas para centro de día, 32 con carácter residencial para fomentar a autonomía de persoas usuarias, ademais dun centro de I+D de integración. Despois de varios cambios e de inxectar 1,7 millóns máis prevíase o remate para o 2012, mais non abriu as portas até 2017 e dirixido unicamente á discapacidade física, excluindo nenos e nenas que teñen discapacidade física e psíquica.

Deste xeito, as familias con nenos e nenas que presentan gran dependencia, con necesidade de terceira persoa, na actualidade non teñen prazas públicas nin tampouco concertadas onde poidan coidalos de luns a venres.

Cando fan 21 anos, non hai centros para atender estas persoas que precisan atención continuada debido as súas doenzas físicas e mentais.

Por estes motivos, faise necesaria a ampliación de prazas nos centros existentes e a creación dun novo centro residencial e de día en Santiago de Compostela para as persoas con diversidade funcional.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Aumento inmediato de prazas na Residencia de Gravemente Afectados Juan Vidán Torres, pertencente á Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS)
2. Creación de prazas residenciais e de día para discapacidades físicas e psíquicas, dentro do propio CEGADI e/ou dentro doutros edificios públicos con dispoñibilidade; dirixidas ao alumnado da zona que remata a súa escolaridade e o demanda.
3. Construción dun novo centro residencial e de día en Santiago de Compostela, de cara aos rapaces e rapazas actualmente escolarizados e de futura escolarización con discapacidade física e psíquica.

Coa emenda que se admite, do Grupo Popular, con Rexistro de entrada número 301, fecha 20 de decembro de 2018

A corporación por unanimidade dos presentes adopta o seguinte acordo

“1.- Instar ao Goberno de España a que cumpra o acordo asinado o pasado mes de abril coa Xunta de Galicia para poñer en funcionamento a zona residencial do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) de Santiago de Compostela e un Centro de referencia estatal de autonomía persoal e axudas técnicas (CEAPAT).

2. Instar á Xunta de Galicia a que axilice a posta a anunciada posta en marcha en 2019 da área de rehabilitación do CEGADI, que operará a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

3.- Instar á Xunta de Galicia a que, dentro da ampliación de prazas residenciais para persoas con discapacidade nos centros públicos de Galicia, teña en conta as necesidades da capital de Galicia, tomando en consideración de forma especial as demandas da Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS) á que pertence o Centro Residencial “Juan Vidán Torres” radicado na parroquia compostelá de Laraño.”

Se ausenta D. Rafael Peña Vidal.

Rexistro de entrada do día 03 de decembro de 2018, número 279, presentada polo grupo municipal do BNG, para DOTAR SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS A NOVA URBANIZACIÓN DE SANTA MARTA.

MOCIÓN PARA DOTAR DE SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS A NOVA URBANIZACIÓN DE SANTA MARTA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a dotar de servizos básicos municipais a nova urbanización de Santa Marta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No barrio de Santa Marta construíronse nos últimos anos novos edificios, co que implica de necesidade de urbanización e dotación de instalacións públicas para atender ese núcleo de poboación, tal como reclama a veciñanza.

O certo é que deben desprazarse até 300 metros para depositar o lixo nos tres colectores pre-existentes aos novos edificios, porque non hai á beira das novas construcións. Ademais, resultan insuficientes para o número de habitantes, pois sempre están rebordados e con bolsas amoreadas polo chan. Nalgunha zona hai colectores soterrados que levan máis de 2 anos pechados con candeados e inhabilitados e a veciñanza xa rexistrou diversas peticións no Concello para que os abran e normalicen o sistema de recollida de residuos, mais non corrixiron esta eiva. Tan só hai un composteiro, polo que é necesario instalar outro na zona da avenida da Liberdade, xa que hai terreos municipais.

Outra das peticións é a instalación de placas cos nomes das rúas e sinais de tráfico acordes ao trazado actual. Tampouco hai papeleiras nas zonas de paseo e as persoas que levan cans non teñen onde depositar as bolsas con excrementos ao non haber tampouco colectores de lixo.

Reclaman tamén unhas fileiras de árbores no aparcadoiro de Santa Marta e nalgunha zona onde instalaron bancos, para humanizar os espazos, dar sombra e facela visualmente máis agradábel. Porén, a vexetación medra nos soares pendentes de construír e en terreos privados, que mesmo invade beirarrúas e zonas de paso.

Tamén hai queixas coas beirarrúas, ou ben están desfeitas polas obras, ou as novas incumpren as normas de accesibilidade pola altura e pola falta de rebaixe, co que as zonas de aparcadoiro son verdadeiras coitelas onde rachan rodas dos coches cada semana. Cómpre lembrar que o BNG xa trasladara esta demanda, que foi aprobada en Pleno en marzo de 2016, mais a situación non mellorou e o Concello segue a incumplir a normativa UNE de que os bordos das beirarrúas deben rematar en chafrán en declive por razóns de seguridade viaria. Veciñanza afectada tamén reclamou o importe das reparacións e cambio de rodas rachadas.

Para o BNG, o que acontece no barrio de Santa Marta coa falta de servizos básicos constitúe unha nova falta de previsión do Goberno de Compostela Aberta, que debera programar estas instalacións para a apertura de novas zonas residenciais, co obxectivo de evitar un crecemento da cidade sen planificación adecuada nin acompañamento das necesidades que xorden. Do mesmo xeito que cómpre chegar a acordo coas empresas concesionarias, como a da limpeza e de xardíns, para que asuman a atención deste novo núcleo de poboación.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela dotará a urbanización de Santa Marta de servizos municipais como a instalación e apertura de colectores de lixo, papeleiras, composteiros, placas cos nomes de rúas, arborado e beirarrúas que cumpran normas de accesibilidade, entre outros, para mellorar a calidade de vida da veciñanza que alí reside desde hai máis de dous anos sen estes elementos básicos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos concelleiros/as presentes ACORDA:

Que o Concello de Santiago de Compostela dotará a urbanización de Santa Marta de servizos municipais como a instalación e apertura de colectores de lixo, papeleiras, composteiros, placas cos nomes de rúas, arborado e beirarrúas que cumpran normas de accesibilidade, entre outros, para mellorar a calidade de vida da veciñanza que alí reside desde hai máis de dous anos sen estes elementos básicos.

Reincorporase á sesión D. Rafael Peña

Rexistro de entrada do día 05 de decembro de 2018, número 281, presentada polo grupo municipal COMPOSTELA ABERTA, en apoio ao conflito dos traballadores e traballadoras dos puntos de atención continuada (PAC).

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN APOIO AO CONFLICTO DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DOS PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA (PAC).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo coa Constitución Española é responsabilidade dos poderes públicos a promoción e protección da saúde da poboación e, consecuentemente, a garantía de servizos públicos de saúde de acceso universal e de calidade. Esta protección faise extensible á asistencia sanitaria urxente e en situacións de emerxencia.

Segundo o informe técnico sobre as *Propostas de transformación da Atención Primaria en Galicia (SERGAS)*, A implantación dos PAC , Puntos de Atención Continuada do Servizo Galego de Saúde, distribuídos por toda Galicia, non estivo exenta de polémica. Supuxo e supón unha fonte constante de conflitos dos e das profesionais coa administración sanitaria. No seu momento xa se pronunciaron contra a desaparición dos servizos de urxencias extrahospitalarios nos concellos onde existían, xa que se consideraba que a creación dun PAC suporía un deterioro das condicións de traballo dos profesionais que condicionaba a actividade asistencial ordinaria. A pesar das discrepancias implantáronse progresivamente en toda Galicia.

No ano 1999 xenerábase un novo conflito entre os e as profesionais e a administración sanitaria, reclamaban o cumprimento da directiva europea que establecía en 48 horas o máximo da xornada semanal. Nese mesmo ano asínase o Pacto de Urxencias Extrahospitalarias que reducía anualmente as horas obrigatorias e facultaba á contratación de persoal eventual para cubrir as gardas. No 2004 xurde un novo conflito causado pola precariedade laboral do persoal contratado para realizar as gardas nos

PAC. Este novo conflito solucionouse coa sinatura dun novo pacto que entre outras cousas aceptou a voluntariedade do persoal para a realización das gardas nos PAC. Todo isto acompañouse do debate da súa ubicación xeográfica rematando co incumprimento dos criterios iniciais de creación dos PAC (25.000 habitantes, isocrona de 30 minutos). Lonxe de darlle unha solución definitiva os PAC seguen a prestar unha atención de escasa eficiencia, son pouco resolutivos e provocan unha elevada ocupación de profesionais que se atopan ante un escaso desenvolvemento da súa carreira profesional.

Os PAC prestan asistencia en horario comprendido entre as 15 e 8 horas de luns a sábado e as 24 horas os domingos e festivos no ámbito territorial do SAP onde están ubicados, exceptuando ás grandes cidades que presta asistencia ao territorio do Concello. A súa dotación de persoal é variable, con gran carga de traballo sobre todo en determinadas épocas do ano.

Agrupado baixo a plataforma *PAC en pé de Guerra*, o persoal de atención continuada de toda Galicia leva desde febreiro deste ano reivindicando unha serie de melloras nas súas condicións laborais, que de non solucionarse seguirán a repercutir na atención a pacientes e persoas usuarias. Os PAC funcionan por quendas de gardas de 17 horas nos días laborables, e de 24 horas os domingos e festivos. Atenden situacións de urxencia, aínda que en moitos casos, e debido a desaparición de médicos de familia, tamén atenden consultas que non teñen carácter urxente. Tras 10 meses de intento de negociación co SERGAS, sen obter resposta, víronse na obriga de ir a unha convocatoria de folga para que as súas reivindicacións sexan escoitadas.

Entre as súas reivindicacións, o colectivo de profesionais busca que existan en cada PAC equipos paritarios de enfermería e persoal médico, revisión dos plans funcionais de cada PAC para a dotación das necesidades existentes xa que a situación de agora é distinta á de antes e en moitos casos houbo aumento de poboación, cumprimento das normativas europeas de tempo de traballo, dotación de EPIs, cómputo real da xornada realizada e manter as 1.451 horas de xornada efectiva, que non se apliquen penalizacións en situación de incapacidade temporal ou permiso de conciliación familiar, eliminación dos obxectivos ou item de derivación de doentes do PAC ao hospitalaria, que se aboan dietas das xornadas de domingo ou de día festivo, elaboración de calendarios de traballo onde se priorice ao persoal dos PAC, entre outras moitas.

A morte dun paciente da Estrada, que faleceu afogado este verán no PAC, o cal carería do persoal necesario para ofrecerlle auxilios sanitarios elementais puxo de manifesto as graves carencias existentes. O ideal sería que en todos os PAC houbera un reforzo para que no caso de producirse unha saída do centro, nas cidades onde hai maior carga asistencial, haxa unha dobre equipa de persoal de enfermería e médico que lles poida dar cobertura. O SERGAS está poñendo o mínimo, un só enfermeiro/a e persoal médico insuficiente.

O SERGAS, a pesar de ser coñecedor desta situación, segue a reducir as prazas de cobertura por profesionais sanitarios/as e a manter as malas condicións de contratación do persoal eventual. Todo isto provoca que o persoal médico decida, en moitas ocasións, marcharse a buscar sorte fóra debido a falta de estabilidade ou polas precarias condicións laborais. Todo isto está relacionado coa privatización e coa masificación por falta de persoal médico en atención primaria.

Os PAC pensan seguir reivindicando unha mellora na súa calidade laboral tanto por eles como polos seus e as súas pacientes. O luns, 3 de decembro o comité de folga mantivo unha xuntanza coa xerencia, na cal a mesma ratificou a súa proposta de persoal de dous médicos, cinco enfermeiros/as e cinco auxiliares de enfermería, así como un peche dunha parte do servizo, que se abrirá cando fose preciso con persoal alleo ao mesmo

Tras a assemblea celebrada polos traballadores e traballadoras esta proposta foi rexeitada. O persoal reclama que a dotación e apertura do servizo de urxencias sexa na súa totalidade. Na assemblea acordouse un peche de 24 horas o día 19 de decembro no Hospital Clínico e unha manifestación pola cidade o 9 de xaneiro.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

- 1.-Mostrar a solidariedade deste Concello cos traballadores e traballadoras dos PAC.
- 2.-Instar á consellería de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadores e traballadoras da sanidade pública as demandas laborais e asistenciais do persoal de urxencias co fin de alcanzar un sólido e amplo acordo que garantice o adecuado desenvolvemento do servizo.

3.-Instar á Xunta de Galicia a que complete e incorpore nos orzamentos 2019 as partidas necesarias para dotar de recursos humanos e profesionais suficientes dos PAC para a cobertura de vacantes, baixas e ausencias de persoal, para manter unha atención universal, de calidade e proximidade, cumprindo coas ratios e tempos de atención (e revisión), así como cos períodos de descanso do persoal.

4.-Dar traslado dos seguintes acordos á consellería de Sanidade, á área de xestión EOXI de Santiago de Compostela e ao Parlamento de Galicia.

O pleno da corporación, cos votos a favor 15: grupo C.A (10 votos), PSOE (3 votos) e BNG (2 votos) e coa abstención do grupo popular (9 votos), adoptouse o seguinte acordo:

1.-Mostrar a solidariedade deste Concello cos traballadores e traballadoras dos PAC.

2.-Instar á consellería de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadores e traballadoras da sanidade pública as demandas laborais e asistenciais do persoal de urxencias co fin de alcanzar un sólido e amplo acordo que garantice o adecuado desenvolvemento do servizo.

3.-Instar á Xunta de Galicia a que complete e incorpore nos orzamentos 2019 as partidas necesarias para dotar de recursos humanos e profesionais suficientes dos PAC para a cobertura de vacantes, baixas e ausencias de persoal, para manter unha atención universal, de calidade e proximidade, cumprindo coas ratios e tempos de atención (e revisión), así como cos períodos de descanso do persoal.

4.-Dar traslado dos seguintes acordos á consellería de Sanidade, á área de xestión EOXI de Santiago de Compostela e ao Parlamento de Galicia.

Ausentase Branca Petra Novo Rey

Rexistro de entrada do día 10 de decembro de 2018, número 285, presentada polo grupo municipal BNG, para A ELABORACIÓN DUN MAPA DE COIDADOS

MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN MAPA DE COIDADOS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a elaborar un “mapa de coidados” para asumir a corresponsabilidade social de atender persoas dependentes e loitar contra a precariedade de quen realizan este traballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela ten pendente de elaborar un “mapa de coidados” que identifique as prioridades para avanzar na construción dun sistema público de coidados de persoas dependentes, incluída infancia, que sexa universal e loite contra a precariedade das persoas que fan este traballo.

Se entendemos a corresponsabilidade individual como o reparto de tarefas entre homes e mulleres para romper coas relacións de xénero tradicionais e a corresponsabilidade familiar como un pacto interxeracional que habitúe á responsabilidade colectiva no sostemento económico e afectivo do fogar, a chamada corresponsabilidade social debe ser entre diferentes axentes sociais, gobernos, institucións, empresas, sindicatos e organizacións non gobernamentais.

Neste sentido, os “mapas de coidados” son plans asistenciais que se aplican de xeito coordinado entre todos estes axentes a doentes cunha determinada patoloxía e un curso clínico e vital predicíbel ou a persoas que carecen de total autonomía ou posúen algunha limitación. Con isto pódese avanzar na procura dun modelo de cidade que incorpore a ética dos coidados á xestión municipal, o que implica gobernar desde os principios da corresponsabilidade e da perspectiva de xénero, como factores sociais determinantes da mellora da saúde, da autonomía persoal e dos procesos vitais, con eixes incardinados na xestión da administración máis próxima ás persoas, como son os concellos, ás unidades familiares, atención domiciliaria e de barrio.

Un cambio de roles na atención do traballo doméstico e de coidados que recaeu historicamente nas mulleres, de xeito silencioso e invisibilizado, supón un revulsivo económico e social tendo en conta o incremento da esperanza de vida, o envellecemento demográfico e a escaseza de oferta destes servizos públicos.

As políticas públicas deben atender este feito con atención ao principio de universalidade dos coidados: todas as persoas nalgún momento das súas vidas teñen a necesidade e deben ter o dereito a seren coidadas, polo que os concellos en canto son titulares das obrigas de respectar, protexer e facer efectivos os dereitos humanos, non poden limitarse a seren tramitadores do servizo, teñen que incorporar a responsabilidade de seren efectivos no plano social.

Deste xeito, o Concello, como responsábel de políticas públicas de coidados, debe avaliar o desenvolvemento e a saúde social para poder actuar de xeito activo e atender á prevención das necesidades do coidado.

Así, pode impulsar iniciativas de emprendemento de economía social neste ámbito, na procura de mellorar as condicións de traballo e a seguranza vital das persoas que os realizan, ao tempo que contribúe á xeración de emprego nun sector en que a demanda é alta e crecente.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela elaborará un “mapa de coidados” para atender persoas dependentes co fin de loitar contra a precariedade de quen realizan este traballo, ademais de impulsar iniciativas de emprendemento de economía social neste ámbito e de asumir a corresponsabilidade social.

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos concelleiros/as presentes dita moción que di,

O Concello de Santiago de Compostela elaborará un “mapa de coidados” para atender persoas dependentes co fin de loitar contra a precariedade de quen realizan este traballo, ademais de impulsar iniciativas de emprendemento de economía social neste ámbito e de asumir a corresponsabilidade social.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2018, número 289, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, en relación co financiamento das entidades locais.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, é polo que presentamos ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Instar ao Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais puidan recibir en investimentos o 50% das recaudacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva .

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos concelleiros/as presentes dita moción que di,

MOCIÓN:

Instar ao Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais puidan recibir en investimentos o 50% das recaudacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva .

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2018, número 290, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, relativo as actuacións na rúa Batalla de Clavijo e anexas do fondo Europeo de desenvolvemento rexional.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS NA RÚA BATALLA DE CLAVIJO E ANEXAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL

As rúas Batalla de Clavijo, rúa Puente la Reina e as escalinatas Bispo Teodomiro, Raiña Lupa e Cebreiro mostran un algo grado de deterioro, a actuación neste espazo público vaise desenvolver con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional.

Esta intervención propón un novo deseño que resolva as deficiencias detectadas, reconfigurando os espazos públicos das rúas e con pequenos cambios de uso que redunden no beneficio do peón e a relación social e así, ademais da renovación da pavimentación, resolva os problemas creados polas diferenzas de cota existentes, mellore a disposición de alcorques e ordene o aparcadoiro.

Esta actuación tratará de dignificar o espazo público e de reforzar a identidade de todo este barrio e está previsto desenvólvela en dúas fases, nunha primeira as rúas Batalla de Clavijo e escalinata Bispo Teodomiro e unha segunda para a rúa Puente la Reina e escalinatas do Cebreiro e Raiña Lupa.

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 16 de novembro de 2018, acordou adxudicar o contrato da primeira fase que se iniciará próximamente o que conlevará a desaparición de prazas de aparcamento en superficie (40 aproximadamente) así como o corte do tráfico rodado pola rúa Puente la Reina durante máis de 6 meses.

A veciñanza deste ámbito púxose en contacto con este grupo municipal para comunicar primeiro o seu enfado polo retraso acumulado nunhas obras que estaban previstas para o ano 2017 e que finalmente se iniciarán en xaneiro de 2019 e por outro para solicitar que dadas as molestias que vai conlevar a súa execución durante algo máis de 6 meses, se executen ao mesmo tempo as obras correspondentes á segunda fase.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal inicie á maior brevidade posible a redacción do proxecto e inicie o procedemento de contratación da segunda fase das obras de mellora integral do espazo público das rúas Puente la Reina e das escalinatas do Cebreiro e Raiña Lupa.

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos concelleiros/as presentes dito acordo para:

Que o goberno municipal inicie á maior brevidade posible a redacción do proxecto e inicie o procedemento de contratación da segunda fase das obras de mellora integral do espazo público das rúas Puente la Reina e das escalinatas do Cebreiro e Raiña Lupa.

Abandoa o salón de sesións D. Rubén Cela Díaz

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2018, número 291, presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE, relativo situación do ámbito Casas do Rego-Carme de Abaixo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DO ÁMBITO CASAS DO REGO-CARME DE ABAIXO

O lugar de Casas do Rego limita co Carme de Abaixo e está a moi poucos minutos da nosa cidade histórica, os residentes deste lugar están cansos de reivindicar melloras que non chegan para un ámbito que non dispón de beirarrúas, sen paradas do transporte público seguras e ben sinalizadas, a situación da antiga Curtiduría no nº3 en absoluto abandono e ruína, ou de ver cómo os contenedores voan por falta de anclaxe os días de vento.

Moitos destes problemas teñen a súa orixe pola falta de beirarrúas, desde o Carme de Abaixo, pasando por Casas do Rego e continuando á parroquia de Figueiras, é certo que transitan todos os días moitas persoas que se ven obrigadas a invadir a carretera pola que circulan moitos vehículos e asumindo a perigosidade que iso conleva, tendo en conta ademáis que son moitos os rapaces e rapazas que acuden diariamente ao colexio de xordos que se atopa nese ámbito.

Acudir ao centro da cidade andando, a pesares da súa cercanía, resulta moi complicado pois o vial dereito, dirección cidade, é estreito e ten pegados muros e edificacións e o esquerdo está diariamente ocupado por coches aparcados, polo que os viandantes teñen que facelo pola propia calzada e cruzando dun lado ao outro da vía, compartir espazo cos coches, camións e autobuses.

Así mesmo, é evidente o perigo que corren as persoas que deciden esperar o autobús xa que carecen de paradas sinaladas, resgardadas e moito menos seguras.

Débese sinalar a situación da antiga Curtiduría sita n número 3 de Casas do Rego, en total abandono e en estado de ruína, caído o teito e en días de vento pódense ver os cristais, tellas e madeiras caer á mesma calzada, polo que debера o Concello instar aos seus propietarios a evitar estas situacións cada día máis frecuentes.

Tamén os contenedores por carecer de anclaxes voan nos días de moito vento e invaden a carretera producindo situacións de auténtico risco para os conductores.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Goberno Municipal inste a Deputación Provincial a fixar un calendario para a construción das beirarrúas deste vial, así como realice as xestións oportunas para instar aos propietarios da Curtiduría a evitar episodios como os relatados nesta moción e se adopten as medidas necesarias para anclar os contenedores de lixo.

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos concelleiros/as presentes dito acordo para:

Que se inste a Deputación Provincial a fixar un calendario para a construción das beirarrúas deste vial, así como realice as xestións oportunas para instar aos propietarios da Curtiduría a evitar episodios como os relatados nesta moción e se adopten as medidas necesarias para anclar os contenedores de lixo.

Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2018, número 297, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a redacción dun plan de

actuación para a mellora de accesibilidade, servizos e calidade ambiental nos barrios de Guadalupe, Vite e Romão.

MOCIÓN SOBRE A REDACCION DUN PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DE ACCESIBILIDADE, SERVIZOS E CALIDADE AMBIENTAL NOS BARRIOS DE GUADALUPE, VITE E O ROMÃO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A maior parte dos barrios de Guadalupe, Vite e O Romão veñen padecendo desde hai anos un progresivo deterioro que na actualidade está a acadar as súas máis altas cotas, tal e como teñen denunciado representantes das asociacións veciñais e tal e como temos advertido os grupos políticos presentando varias iniciativas a este respecto.

A situación adquire unha especial relevancia polo contraste que ofrecen moitas destas zonas en relación a outras moi próximas, onde desde hai anos se veñen desenvolvendo traballos para a modernización de infraestruturas, con renovación de equipamentos e servizos. Tal é o caso da Avenida de Castelao ou Vista Alegre que foron obxecto dunha profunda transformación, en boa parte froito dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia que permitiu a mellora dos seus pavimentos e beirarrúas, a eliminación de barreiras arquitectónicas, a dotación de mobiliario e obras de humanización.

Dun xeito gráfico –e con carácter xeral- pódese afirmar que hoxe a Avenida de Castelao e as rúas do polígono residencial de Vista Alegre marcan os límites cara ao norte da renovación urbana, no que respecta á mellora de rúas, de beirarrúas e de servizos básicos, coas contadas excepcións dalgunhas urbanizacións de nova factura desenvolvidas recentemente.

É nese ámbito onde se debería continuar coas accións de renovación, afrontando as carencias e necesidades das que no anexo fotográfico adxunto ofrecemos apenas unha ducia de mostras dunha situación que, pola súa gravidade e extensión, debería ser afrontada de forma progresiva, pero sen dilación.

Ese foi o motivo polo que o Grupo Popular no principio desde mandato –e posteriormente nunha segunda ocasión- solicitaba acometer dous proxectos que quedaran licitados en maio de 2015: un para unha mellora integral da rúa Blanco Amor en Vite e outro para varias actuacións hidráulicas e viarias no Romão.

Outros grupos da Corporación tamén presentaron iniciativas, facéndose eco das demandas veciñais, para que se actuase na iluminación, na limpeza, nas deficiencias no saneamento ou na mobilidade e accesibilidade de varias zonas neste ámbito, tal e como tamén denuncian con frecuencia os medios informativos, contando coa testemuña e o apoio dunha veciñanza preocupada e implicada na resolución destas carencias.

En todos os casos, a unanimidade para actuar no seo do Pleno municipal foi absoluta, pero a resposta do Goberno local sempre foi a mesma: a inacción e o esquecemento, mesmo cando os seus membros chegaban a expresar o compromiso de actuar ao longo do actual ano.

Chegados a este punto, cando o ano xa remata e a pouco máis de cinco meses do final do mandato, parece evidente que, aínda que o Goberno cambiara diametralmente a súa actitude, apenas se podería acometer algunha pequena actuación puntual de mantemento, sen tempo xa para afrontar a contratación e execución dunha serie de obras necesarias para adaptar a realidade destes barrios aos estándares de calidade das zonas colindantes e máis próximas ao centro da cidade.

Por este motivo, e coa finalidade de que o Goberno actual poida saír da súa atonía e aminorar a súa indolencia cos acordos adoptados e coas demandas da cidadanía propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano do Goberno a que coa maior urxencia proceda a redactar un plan director coa principais actuacións a desenvolver nos barrios de Vite, Guadalupe e O Romão, tomando como base as iniciativas aprobadas para este ámbito no actual mandato, para que sirva de guía e referencia para os traballos que se poidan desenvolver polo novo Goberno municipal que saia das eleccións municipais a celebrar o vindeiro ano.

O Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos concelleiros/as presentes o acordo,

De instar ao correspondente órgano do Goberno a que coa maior urxencia proceda a redactar un plan director coa principais actuacións a desenvolver nos barrios de Vite, Guadalupe e O Romão, tomando como base as iniciativas aprobadas para este ámbito no actual mandato, para que sirva de guía e referencia para os traballos que se poidan desenvolver polo novo Goberno municipal que saia das eleccións municipais a celebrar o vindeiro ano.

Antes do remate do pleno, o señor alcalde manifesta en nome da corporación a solidariedade cos mariñeiros recentemente falecidos.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente douna por finalizada sendo as 20:55 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández